

## V.- O MOVEMENTO OBREIRO NO S.XIX


Entendemos por **movemento obreiro** o conxunto de manifestacións reivindicativas colectivas e de propostas ideolóxicas protagonizadas polo proletariado ou realizadas no seu nome coa finalidade de mellorar a súa situación laboral, social e política.

### A.- O LUDISMO

Os primeiros movementos de protesta da clase obreira tiveron un carácter violento e espontáneo, utilizando as ameazas contra os empresarios e as súas propiedades. A finais do s. XVIII e a comezos do s. XIX xurdiron en Gran Bretaña os **movementos luditas**. A palabra “ludismo” toma o seu nome a partir do apelido de Ned Ludd, personaxe que encabezou a un grupo de teceláns responsables da destrución de máquinas.

A táctica dos luditas consistía en ameazar aos empresarios coa destrución das máquinas nas fábricas ou no campo se non atendían ás súas demandas. Isto podería entenderse como unha mostra do odio que os obreiros sentían con respecto ás máquinas, a quen responsabilizaban da perda dos seus postos de traballo, dos baixos salarios e do empeoramento das condicións laborais, pero tamén era unha forma de amosar o seu descontento cara á clase empresarial.

A falta de cohesión e organización dos movementos luditas xunto coa resposta do goberno británico (aplicou graves penas contra os luditas, como a morte ou o desterro) provocou a súa decadencia. Ademais en 1824 abríuse para o movemento obreiro unha nova vía para canalizar as súas reivindicacións: **a vía sindical**.



? **15.- Define** *Movemento obreiro*.

**16.-** Que foi o *ludismo*?

## B.- OS PRIMEIROS SINDICATOS

En 1824 o goberno británico decidiu **abolir as leis que prohibían o asociacionismo obreiro** no país (*Combination-Laws*), ao longo do século XIX tamén sería recoñecido o dereito de asociación noutros países europeos. A partir dese momento empezaron a xurdir asociacións obreiras reivindicativas, os *sindicatos* ou *Trade-Union*. As características destes sindicatos eran as seguintes:



► **O seu carácter corporativo**, xa que estaban fragmentados por oficios, e unicamente atendían aos intereses dos seus asociados (traballadores dunha mesma fábrica ou da mesma profesión dunha cidade), sen ter en conta a problemática común ao conxunto do proletariado. Isto tivo como efecto negativo a diminución das medidas de forza que podían utilizar.

? 17.- **Define** *Combination-Laws* e *Trade-Union*.

**TRADE  
UNION**



*“Queda sancionado que todos os contratos, convenios e acordos de todo tipo que se estipulen desde agora entre calquera obreiro da industria e outras persoas a fin de obter aumentos de salarios para eles mesmos ou para outro de calquera industria, comercio ou emprego ou co fin de diminuír ou alterar o horario cotián ou o tempo de traballo, ou para obstaculizar ou impedir a unha ou máis persoas que contraten a quen consideren máis axeitado para o emprego ou co fin de controlar ou limitar ás persoas que dirixen unha industria, comercio ou empresa..., será **ilegal, nulo e de ningún efecto**”.*

Combination-Laws, Gran Bretaña, 1799-1800



► Antes de obter o dereito a asociarse, a clase obreira xa creara as *Sociedades de Socorro Mutuo*, que **aseguraban a solidariedade entre os seus integrantes**, pois prestábanse axuda e aportaban cotas para que poidera crearse un fondo económico. O destino do diñeiro era o auxilio social (pensións, gastos de enfermidade, atención a viúvas e orfos...) e a creación dunha caixa de resistencia para afrontar o pago dos salarios en caso de folga (se non traballaban os obreiros non cobraban o salario).

► **As súas reivindicacións eran de tipo laboral**, carecendo nos primeiros momentos de contido político. Os “trade-union” intentaban reducir o número de horas de traballo, aumentar o salario dos obreiros, a regulación do traballo infantil, a organización das medidas de loita, como a negociación, as manifestacións e a folga..., pero nos seus obxectivos non cabía a idea de participar na política e moito menos levar a cabo un proceso revolucionario que acabase co sistema capitalista.

Os “Trade-Union” conseguiron unha enorme influencia sobre a clase proletaria británica e, a pesares de momentos de crise, na década de 1870-1880 xa conseguiran acadar importantes melloras no salario dos obreiros así como nas súas condicións de traballo e no referente á lexislación laboral.

? **18.-** Indica as **características** dos “Trade-Union” e intenta sinalar as **vantaxes** e **desvantaxes** que tiñan estes primeiros sindicatos.




*“Manifestación de obreiros en Guadalajara, 1918”*



1802	Limítase a 12 horas diarias a xornada laboral dos nenos.
1833	Lei de Fábricas. Puxo límites legais ás horas de traballo de nenos e mozos.
1842	Lei das Dez Horas. Limitaba o traballo diario de mulleres e nenos nas fábricas téxtiles.
1847	Lei de Minas. Prohibiu o traballo subterráneo de mulleres e nenos menores de 10 anos. Redúcese a xornada laboral feminina a 12 horas.
1878	Leis para controlar a seguridade, ventilación, comidas... no traballo.
1908	Primeiros sistemas de Seguridade Social.
1919	Recoñecemento da xornada diaria de 8 horas.

? 19.- Cales eran as **reivindicacións** dos primeiros sindicatos. Que **medidas** utilizaron para facer as súas reclamacións? Que foron **logrando**?





## C.- AS IDEOLOXÍAS SOCIALISTAS

Durante o século XIX foron manifestándose distintas doutrinas ideolóxicas que coincidían en amosar unha enorme preocupación social pola situación marxinal na que se atopaba o proletariado dentro da sociedade capitalista. **Estas ideoloxías pretendían crear como alternativa ao sistema liberal-capitalista burgués un modelo económico e político que dera lugar a unha sociedade sen clases e sen propiedade privada.** As persoas que desenvolveron estas ideoloxías non eran proletarios, pertencían a outros sectores da sociedade, pero o seu sentido crítico levoulles a identificarse con esta clase social.



► **O Socialismo utópico:** Na primeira metade do século XIX os *socialistas utópicos* formularon teorías moi diversas que pretendían solucionar os problemas do proletariado e que criticaban ao capitalismo por ser inxusto e ineficaz. Entre os principais representantes deste pensamento socialista podemos citar a: *Saint-Simon, Fourier, Cabet, Owen* e outros. Aínda que estes ideólogos tiñan bastantes discrepancias entre as súas propostas, é posible establecer **unhas características comúns** a todas elas:

- Trátase sempre de propostas moi pouco realistas (de ahí a denominación de “**utópicas**”, palabra que significa ideal de difícil alcance). Estas propostas ou ben nunca se levaron á práctica ou remataron en fracasos.
- Consideraban que as persoas eran boas por natureza e por iso confiaban en que finalmente a clase empresarial aceptaría mellorar a situación do proletariado. De ahí que rexeitasen a revolución como medio para conseguir os seus obxectivos, escollendo sempre a vía pacífica.



- Propoñían modelos de organización social e económica baseados na igualdade e na solidariedade dos seus integrantes. Nestes modelos a propiedade sería compartida por todos os membros (*propiedade colectiva*), repartíndose o traballo e os posibles beneficios.
- Coincidían en que para resolver os problemas do proletariado era precisa a unión dos proletarios de todos os países (precursores do internacionalismo proletario).



► **O Anarquismo**: Os pensadores precursores da ideoloxía *anarquista* poderían incluírse dentro do utopismo (caso de *Proudhon*), pero o desenvolvemento do pensamento anarquista debemos situalo na segunda metade do século XIX e vinculalo ao seu representante máis destacado: *Mijail Bakunin*. O pensamento de Bakunin caracterízase polas seguintes ideas:

- Defendía a liberdade do individuo como un ben supremo que non pode ser limitado. Rexeitaba toda autoridade, o Estado ou calquera institución (militar, policial, relixiosa...) que limitara esa liberdade tiña que desaparecer ou ser destruída. O lugar deixado polo Estado sería ocupado por un novo modelo de organización social baseado na existencia de *comunas* (asociacións agrícolas e industriais, formadas por individuos libres e iguais que se autoxestionarían economicamente). As comunas poderían establecer lazos económicos e fraternais entre elas (federación) pero nunca aceptarían a imposición dun poder político alleo.
- A propiedade individual non debería existir porque era considerada responsable das grandes diferenzas sociais existentes no capitalismo. Todos os membros da comunidade compartirían a propiedade dos bens (*propiedade colectiva*) e os beneficios se repartirían equitativamente.





- Os partidos políticos non servirían porque eran considerados institucións que limitaban a liberdade individual. Bakunin e os seus seguidores negaban a posibilidade de participar na política (acracia) e defendía a vía revolucionaria (folgas, atentados contra o poder...)
- Confianza no papel dos campesiños, sector social perpetuamente explotado ao longo dos séculos, como forza revolucionaria capaz de acabar co capitalismo e a súa sociedade de clases.



► **O Marxismo**: manifestouse na segunda metade do século XIX, aínda que a súa orixe é anterior, como unha ideoloxía revolucionaria que se presentaba como alternativa fronte ao capitalismo, coa finalidade de realizar unha profunda transformación económica, social e política que favorecera á clase proletaria. Os seus principais representantes foron: *Karl Marx* (1818-1883) e *Friedrich Engels* (1820-1895).

Marx e Engels elaboraron unha interpretación da Historia (*materialismo histórico*) segundo a cal os sucesivos cambios ocorridos ao longo do tempo foron provocados polo enfrontamento entre os grupos dominantes na sociedade e os dominados. A teoría marxista afirmaba que nas sociedades industriais existe unha **loita de clases** entre a burguesía, propietaria das fábricas e doutros medios de produción, e os obreiros ou proletariado, que venden a súa forza de traballo. As ideas marxistas máis destacadas son as que siguen:

- A clase proletaria debería tomar conciencia da súa situación, unirse e apoderarse do Estado por medio dunha revolución. Deste xeito desaparecería o Estado liberal-capitalista burgués substituído por un Estado socialista proletario. Tras unha fase de ditadura do proletariado, en que o Estado regularía a sociedade, estableceríase a sociedade comunista, sen clases sociais nin propiedade privada e, finalmente, o Estado desaparecería.




- Desaparecería a propiedade individual, creadora das diferenzas sociais, sendo substituída por unha propiedade estatalizada (o Estado, representante do pobo, sería o propietario de todos os bens).
- Marx defendeu a intervención das organizacións e dos partidos obreiros na loita política, participando nas eleccións e accedendo aos Parlamentos para impulsar leis favorables aos traballadores. Isto deu orixe aos partidos socialistas.
- Confianza no proletariado como clase revolucionaria porque considerábase que polas duras condicións de vida nas que se atopaba era o grupo máis concienciado para levar adiante a revolución.



? 20.- Define Ideoloxías Socialistas.

21.- Realiza un esquema que amose as características dos socialismos utópico, anarquista e marxista. Posteriormente intenta establecer **semellanzas e diferenzas** entre as tres ideoloxías socialistas.






## D.- O INTERNACIONALISMO

Na segunda metade do século XIX fíxose evidente a **necesidade de tomar conciencia dos problemas comúns que afectaban ao proletariado en todas as nacións europeas**. Os empresarios aumentaban cada vez máis a presión exercida sobre os obreiros. Cando os obreiros ingleses trataban de asegurar salarios máis altos ou menos horas de traballo, os capitalistas amenazaban con importar forza de traballo máis barata de Francia, Bélxica...A visita de obreiros franceses á Exposición mundial de Londres en 1862 estableceu os primeiros contactos que desembocaron na constitución en Londres da **Primeira Asociación Internacional de Traballadores (A.I.T.) no ano 1864**.


► **A Primeira Internacional (1864-1876)**: Nela estaban presentes representantes do proletariado de distintos países con diferentes ideoloxías, agrupacións políticas e intelectuais que defendían os dereitos dos traballadores. A súa organización foi encargada a un Consello Xeral dirixido por Marx que redactou os *Estatutos* e o *Manifesto Inaugural* onde se fixaban os principios básicos da nova organización:

- **A emancipación da clase obreira**, é decir a necesidade de liberarse do dominio da burguesía. Para isto era preciso a solidariedade de todo o proletariado coordinado a través da Asociación Internacional.
- **A conquista do poder político** por medio dunha revolución como único medio para que a clase proletaria conseguira a liberación.

*A AIT establecía a creación de seccións locais e federacións nacionais da Internacional, creaba un Consello Xeral permanente para coordinar as súas accións e establecía Congresos periódicos.*



Nos primeiros Congresos da AIT adoptáronse unha serie de **acordos decisivos para as mobilizacións obreiras** nos distintos países e definíronse unha serie de reivindicacións (xornada laboral de 8 horas, supresión traballo infantil...) Así mesmo definiuse a folga como o medio mais eficaz para conseguir os seus obxectivos. A **AIT tivo unha forte influencia** pola elaboración dun programa reivindicativo común para todos os traballadores, polas discusións sobre a emancipación da clase traballadora e pola difusión dun sentimento de clase.



? 22.- Por que era necesario o **Internacionalismo**?

o 23.- **A.I.T.**: Quen a formaba? Como se organizaba? Cales eran os seus principios básicos?

24.- Cales foron os **acordos** aos que se chegou nos primeiros Congresos da A.I.T.?

Os **problemas da Primeira Internacional** derivaban das diferentes ideoloxías dos seus membros e da diversidade de obxectivos. Por riba, naquela época aínda non existían forzas políticas obreiras consolidadas nos diversos países que puidesen servir como transmisoras dos principios internacionalistas. Por todo iso non foi fácil que as directrices da Internacional chegaran á clase proletaria.

O problema máis significativo foi o **enfrentamento entre anarquistas e marxistas**. Marx e Bakunin tiñan ideas contrapostas e unha evidente enemizade persoal.


- **Os marxistas** pensaban que debería existir unha dirección centralizada da que procedesen as directrices que os membros da Asociación terían que obedecer (*modelo de organización centralizado*). Defendían tamén a creación de partidos políticos obreiros.

- **Os anarquistas** eran partidarios dunha organización baseada na coordinación e a toma de decisións conxunta entre todos os membros da Asociación (*modelo federal*) e rechazaban a intervención política.



O estoupido da guerra franco-prusiana (1870) foi outro factor de crise. A AIT non conseguiu impoñer os seus postulados contrarios ao conflito e á participación dos traballadores nela. A derrota dos franceses supuxo o fin do Segundo Imperio Francés de Napoleón III e o inicio da III República francesa. Nos primeiros meses desa etapa a axitación política e social e o vacío de poder derivaron na insurrección de París. Foi un levantamento espontáneo obreiro e popular que levou á proclamación da **Comuna de París** (marzo-maio 1871). Durante cerca de 60 días puxéronse en práctica unha serie de reformas sociais radicais, foi a primeira experiencia de Goberno obreiro. A Comuna foi aniquilada pola acción militar do goberno francés. A represión foi durísima (17000 fusilamentos) e afectou á AIT porque foi acusada de ser a instigadora da insurrección. Por iso **foi declarada ilegal na maioría dos países europeos e os seus membros foron perseguidos**.

A represión á que foi sometida a AIT despois do sucedido en París acrecentou a división interna. A maioría marxista criticou a falta de dirección, considerando este feito determinante no fracaso. Ante isto ratificou a decisión de proceder á formación de partidos obreiros nacionais como sistema de organización propia do proletariado e para garantirlle unha dirección sólida. A decisión foi aprobada en Londres en 1871.



Os seguidores de Bakunin rexeitaron a proposta e foron expulsados no Congreso da Haia en 1872, formando unha nova organización: a Internacional Antiautoritaria que desaparecería en 1881. **Produciuse deste xeito unha división no movemento obreiro**. Todos os problemas anteriores foron debilitando á Primeira Internacional ata que, finalmente, decidiuse a súa disolución nun Congreso celebrado en Filadelfia (EE.UU.) en 1876.

*“ Marx é un comunista autoritario e centralista. Quere o que nós queremos: o triunfo da igualdade económica e social, pero no Estado e pola forza do Estado; pola ditadura dun Goberno provisional, poderoso e, (...), despótico, isto é, pola negación da liberdade. O seu ideal económico é o Estado convertido no único propietario da terra e de todos os capitais (...). ”*

*Nós queremos ese mesmo triunfo da igualdade económica e social pola abolición do Estado e de todo canto se chame dereito “xurídico” que, segundo nós, é a negación permanente do dereito humano. Queremos a reconstitución da sociedade, non de abaixo a arriba, senón de abaixo arriba, pola libre federación das asociacións obreiras emancipadas do xugo do Estado (...). ”*

CARTA ESCRITA POR MIJAIL BAKUNIN (23 DE XULLO DE 1872)



? **25.- Responde** ás cuestións relacionadas co seguinte texto:

- a) No seo de que Asociación obreira manifestáronse as diferencias entre marxistas e anarquistas? Entre que anos existiu esa Asociación?
- b) Explica brevemente a diferenza existente entre os modelos de organización da Asociación propostos por marxistas e por anarquistas.
- c) Cal é a diferenza entre o socialismo marxista e o socialismo anarquista que trata o texto como idea principal? Explica esa diferenza.
- d) Que diferenza presentan o marxismo e o anarquismo en relación ao tema da propiedade? En que coinciden con respecto a este mesmo tema?
- e) Que nome reciben as asociacións mencionadas na última liña do documento?

**26.-** Indica cales foron os **problemas** que acabaron provocando a disolución da Primeira Internacional.



► **A Segunda Internacional (1889-1914):** En 1889, coincidindo coa Exposición Universal de París e coa celebración do primeiro centenario da Revolución Francesa, creouse unha **alianza internacional formada por partidos socialistas obreiros**. A súa fundación coincide cos conflitos laborais do último terzo do s.XIX, coa consolidación dos partidos políticos marxistas nos países europeos, e a expansión da ideoloxía marxista, que foi quen de conseguir o predominio entre a clase obreira (aínda que o anarquismo tiña tamén moitos seguidores).

Os trazos característicos da Segunda Internacional foron:



- Era unha **federación de organizacións obreiras de ámbito nacional e autónomas** con gran influencia sobre a clase proletaria dos distintos países. Estas organizacións podían ser partidos políticos e sindicatos, aínda que estes últimos abandonaron axiña a Asociación.
- Predominaba claramente a **ideoloxía marxista**, os anarquistas foron invitados a participar, pero pronto deixaron a Segunda Internacional.
- A **súa influencia social foi enorme**, de ámbito universal, chegando a contar con millóns de membros. A Segunda Internacional creou moitos dos símbolos máis representativos do movemento obreiro: o himno, a celebración do 1º de maio, o Día Internacional da Muller, ...

? 27.- Explica as **diferenzas** que observes entre as características da Primeira e da Segunda internacionais.

Como lle sucedera á Primeira Internacional tamén a Segunda Internacional tivo problemas derivados da división interna. A finais do s.XIX apareceu unha corrente ideolóxica encabezada por *Eduard Bernstein* dentro do partido social-demócrata alemán (un dos partidos socialistas europeos de ideoloxía marxista máis consolidados, con presenza importante no Parlamento alemán), que despois estendeuse a outros partidos marxistas e á propia Internacional. Recibiu o nome de **revisionismo** e, en certo modo, podemos considerala o antecedente do actual socialismo democrático. O revisionismo poñía en dúbida algúns dos principios do marxismo e propoñía reformalo: a vía parlamentaria, pacifista e democrática substituiría á vía revolucionaria como forma de acceso dos partidos obreiros ao poder político. Esta corrente enfrontouse aos **marxistas ortodoxos** -futuros comunistas- que pretendían ser totalmente fieis ás ideas de Marx (Lenin, Rosa Louxembourg, Kautsky...) e predicaban a conquista do poder por métodos revolucionarios, a destrución do capitalismo e a instauración dunha ditadura dirixida polos representantes do proletariado. Como consecuencia, produciuse **unha nova división do movemento obreiro**.

Nesta situación, o comezo de Primeira Guerra Mundial (xullo de 1914), acabou definitivamente coa Segunda Internacional xa que os proletarios e os partidos obreiros sentíronse vinculados á súa nación antes que ao principio de solidariedade obreira que solicitaba a súa non intervención no conflito.

? **28.-** En que aspecto principal se **separaba** a ideoloxía revisionista do marxismo ortodoxo? Que correntes políticas se **derivaron** posteriormente de ambas tendencias do marxismo?

**29.-** Por que o comezo da Primeira Guerra Mundial supuxo o definitivo **fracaso** da Segunda Internacional?

